



## Concello de Cuntis

### **CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: "Acondicionamento da Escola de Meira"**

Con motivo da formalización do contrato para a execución da obra "Acondicionamento da Escola de Meira", adxudicada por Decreto de alcaldía número 2021-0370 de 28 de maio de 2021,

#### **INTERVEÑEN:**

Dunha parte, **Manuel Campos Velay**, con N.I.F. 76.820.810 M, Alcalde -Presidente do Concello de Cuntis, asistido da Secretaria da Corporación, Dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Parapar, que dá fe do acto.

E do outro lado, **Fernando Pena Caramés**, con DNI 77595727Y, actuando en nome e representación de ENDENOR, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, SL, con CIF B36563823,

E convindo ambas partes en calidade de adxudicante e adxudicataria a formalización do presente contrato administrativo de obras, realizándoo de conformidade ás seguintes:

#### **CLÁUSULAS:**

**Primeira.-** ENDENOR, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, SL, comprométese á execución da obra denominada "Acondicionamento da Escola de Meira", de acordo co establecido no proxecto de execución, redactado por Martin Pereiras Corzón por importe de 110.978,90 euros máis 23.305,57 euros de IVE.

**Segunda.** Antes do inicio de execución da presente obra formalizado na acta de comprobación do replánteo, deberase presentar no Concello a documentación que acredite o cumprimento das condicións especiais de execución establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as que se comprometeu o adxudicatario coa presentación da súa oferta.

**Terceira.-** O prezo do contrato é de por importe de 81.899,30 euros, máis 17.198,85 euros de IVE, totalizándose en 99.098,15 euros, con cargo á aplicación 323-62200 do Orzamento municipal para o exercicio de 2021.

Este proxecto atópase financiado pola Deputación de Pontevedra, dentro do Plan do Concellos 2018-2019 por importe de 67.476,96€,

A Empresa contratante debe achegar un certificado no que se acredite a titularidade do seu número de conta para realizar os pagos correspondentes pola execución da obra.





## Concello de Cuntis

---

**Cuarta.-** O prazo máximo de execución desta obra será de 50 días a contar dende o día seguinte ao da data da firma da acta de comprobación do replánteo, non sendo susceptible de prórroga, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, e se a Administración autoriza o inicio da obra.

A firma da acta de comprobación do replánteo non poderá ser superior a un mes dende a data da formalización deste contrato.

**Quinta.-** En aplicación do estudo básico de seguridade e saúde, que forma parte do proxecto, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador, elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

**Sexta.-** A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e presentarse unicamente polo contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

**Sétima.-** O contratista terá a obrigaón de colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, (no momento da sinatura da acta de replánteo previo) nun lugar visible para o público xeral, no que conste claramente o título do proxecto e a denominación e imaxe do programa, que mencione a axuda económica outorgada pola Deputación de Pontevedra, dende o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación por parte da Deputación. Facerse cargo igualmente da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por seren obras que se van acometer na infraestrutura viaria, o cartel colocárase nun lugar o suficientemente visible.

Correspóndelle ao departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, na páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es) están os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben poñerse nos investimentos.

**Oitava.-** Como supletorio deste contrato estarase ao disposto no Prego de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas que o rexen, na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, e demais normativa.

Trala lectura do presente contrato, os outorgantes ratifícanse e afirman o seu contido, firmándoo por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e na data





## Concello de Cuntis

---

enriba indicados, do que, como Secretario, dou fe.

O Alcalde,

O Adxudicatario,

Manuel Campos Velay

Fernando Pena Caramés

O secretario,

Carlos Prieto Fernández

